

ACTA Nº 44/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González
D. Daniel Rodas Chapela

Ten escusada a súa inasistencia D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 13 de outubro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 13:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 13:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se presentan actas a aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 127/09 – D.^a CARMEN RÍOS RIOBÓ presenta proxecto de estudo técnico para cambio de tella nunha vivenda unifamiliar, situada en Couso nº 117, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 23.06.09; superficie total 170,00 m², orzamento das obras: 13.823,92 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación para cambio de tella definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo

Edificación en situación de fora de ordenación.

A presente licenza otorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran no simple cambio da tella plana existente por tella mixta cerámica baixo planchas asfálticas onduladas, pintado de voos e colocación de baixantes e canalóns; conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	387,07 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 116/09 – D. LUIS NÚÑEZ BROULLÓN presenta estudo técnico para cambio de tella e sanemento de fachadas de vivenda unifamiliar, situada no lugar da Rotea, núm. 114 do barrio de Quintela, Moaña, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, SLP, sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 11.06.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación para cambio de tella e saneamento de fachadas definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autarización da Xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo

A presente licenza otorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran no saneamento de fachada mediante chorreo a presión e rexuntado enrrasado e simple cambio da tella curva existente ; conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	34,56 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- OBRAS MENORES

EXPTE. 158/08, D. MANUEL PAZOS ABAL solicita licenza municipal para a colocación dun portal de entrada de vehículos, colocando dous pilares de pedra granítica de 2 m. sobre os que se instalará o portal de 3,50 metros de ancho, a situar no barrio do Casal nº 157, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: COLOCACIÓN DE PORTAL

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefectura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo que recomenda a maior simplificación no deseño do portal, suprimindo a greca de celosía interposta.

Altura máxima será de 2,00 metros.

Retranqueo mínimo do eixo do camiño será de 4,00 metros.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	14,00 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

4.A) D^a Julia Boubeta Diz, por escrito do 22 de xullo de 2009, expón que se lles concedeu licenza para a construción dun muro a lindantes aos seus solicitantes (expte. 161/08) baseándose eles para solicitalo na sentenza 19/2007 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Cangas. Indica tamén a señora Boubeta que a sentenza obrigáballes á colocación de marcos de delimitacións, non a un cerramento, e solicita que se lle revogue a licenza outorgada indebidamente, xa que non se cumpre co ordenado na sentenza e que se declare nula dita licenza.

Visto o informe do aparelador municipal do 1 de outubro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 161/08

PETICIONARIO: JULIA BUBETA DIZ

ASUNTO: SOLICITUDE DE NULIDADE DE LICENZA.

INFORME:

A resolución da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de agosto de 2008 do Expte. 161/08 otorgando licenza a petición formulada por D^a M^a del Carmen Fervenza Portela e D. Rufino Obenza de Saa está argumentada no texto da resolución sendo consecuente coa capacidade que otorga o vixente ordenamento xurídico sin entrar en consideración de calquer outra resolución xudicial a cal non contradice. **Procede reafirmarse na validez do acto.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e visto o informe do aparelador municipal, acorda que non ha lugar ao solicitado por Dona Julia Boubeta Diz e reafirmase na validez do acto.

4.B) EXPTE. 122/09 – D. MARCOS GIL VERDEAL.

Vista a certificación do secretario do 1 de outubro de 2009 na que consta que se someteu a información pública o expediente básico para a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar tradicional existente, por un prazo de 20 días hábiles contados dende a publicación do anuncio no Faro de Vigo o 24 de agosto de 2009 ata o 16 de setembro de 2009, sen que se presentaran alegacións,

Visto o informe de aparelador municipal do 6 de outubro de 2009, que textualmente di:

Tramitada a exposición pública do expediente de obras 122/09 relativo o PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR TRADICIONAL sita no lugar de Calvar-Domaio deste termo municipal, promovida por **D. Marcos Gil Verdeal**; atendendo o disposto no Artigo 41.2.c) da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o técnico que informa reclama desa Xunta de Goberno local un pronunciamento favorable do expediente dado que a presente solicitude se localiza de acordo coas NN. SS. de Planeamento Municipal en Ordenanza 8 de solo en réxime normal en non urbanizable (sin protección específica-rústico de protección ordinaria) e a superficie definida de ampliación reflectida no Plano 02 do proxecto resulta que a ampliación da vivenda constitúe unha superficie

inferior ó 10% do total construído, cuestión que concorda co determinado no apartado 3.b) relativa a Disposición transitoria cuarta da referida Lei, disposición para o réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico e núcleo rural.

Debe remitirse o expediente completo a Delegación territorial da consellería competente en materia de ordenación territorial e urbanismo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar e remitir o informe e o expediente completo á delegación territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

5.- CERTIFICACIÓN Nº 5 DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 5 da obra “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”, presentada pola empresa COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., de data 30 de setembro de 2009, asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 7 de outubro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 5 da obra “Humanización do Barrio do Real”, de data 30 de setembro de 2009, polo importe de 156.095,49 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 291240, do 30 de setembro de 2009, de COVSA, S.A. polo importe de 156.095,49 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61120.

6.- EXAME OFERTAS DA OBRA “MELLORA DO AMOBLAMENTO URBANO E ILUMINACIÓN DA ZONA PEONIL-COMERCIAL DA RÚA DANIEL CASTELAO”

A Xunta de Goberno, en data 23 de setembro de 2009, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- COVSA, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. - PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.
- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e

e solvencia necesarias para a execución da obra “Mellora do amoblamento urbano e iluminación da zona peonil-comercial da Rúa Daniel Castelao”.

A empresa non presenta oferta.

En primeiro lugar se procede á apertura da documentación administrativa aportada polas empresas que presentan ofertas. Á vista da documentación, a Xunta de Goberno acorda admitir as ofertas presentadas por COVSA, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. e PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.

Seguidamente, procédese á apertura das ofertas económicas. co seguinte resultado:

- COVSA, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.:

Prezo.- 180.000,01 euros, (155.172,42 euros + 24.827,59 euros de IVE)

Melloras valoradas segundo a cláusula 10 dos pregos.- Non se ofertan melloras.

Prazo de execución.- 1 mes.

Prazo de garantía.- 1 ano.

- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.:

Prezo.- 172.590,25 euros, (140.297,52 euros + 32.292,73 euros de IVE)

Melloras valoradas segundo a cláusula 10 dos pregos.- 14.311,15, IVE incluído.

Prazo de execución.- 1 mes.

Prazo de garantía.- 48 meses.

Á vista das condicións reflectidas polas empresas admitidas, a Xunta de Goberno, por unanimidade os asistentes acorda remitilas ofertas a informe valorativo dos Servizos Técnicos Municipais.

7.- PRÓRROGA CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA SERVICIO DO BAR-RESTAURANTE CAMPING DO BEQUE.

En data 4 de setembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato administrativo especial do servizo de bar-restaurante do camping municipal do Beque a Dna. Rosa Ana Villar Rodriguez, cun canon de 1000 euros anuais e baixo os prezos incorporados á oferta.

Nos pregos de licitación incluíuse a posibilidade de concertar dúas prorrogas anuais unha vez espirada a duración inicial do contrato, de dous anos.

A Xunta de Goberno Local, en data 22 de setembro de 2008, e a petición de D.^a ROSA ANA VILLAR RODRÍGUEZ, acordou aprobar a prórroga solicitada por un ano (1 ano), cun incremento da contía do canon do contrato actualizada segundo o IPC.

En data 14 de setembro de 2009, D.^a ROSA ANA VILLAR RODRÍGUEZ presenta escrito ante o Concello solicita que lle sexa concedida unha prórroga de un ano, xa que está reflectido no prego de cláusulas que rexen a adxudicación do Bar-Restaurante.

Á vista da petición formulada e, de conformidade co disposto nos pregos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a prórroga solicitada por D.^a Rosa Ana Villar Rodríguez por un ano, última prórroga posible do contrato. O adxudicatario asumirá os gastos da limpeza dos baños do complexo entre os meses de novembro e marzo.

8.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS

Dáse conta que nas resolucións núms. 571 e 572, do 6 e do 7 de outubro respectivamente, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno, motivada en ámbolos casos, pola urxencia. Esta urxencia viña dada, na resolución 571, pola adopción da execución da obra *Saneamento de Broullón* e na resolución 572 pola data fixada pola Consellería para a contratación das persoas seleccionadas no proceso de selección do programa de Cooperación Local.

Os concelleiros do PSOE queren que conste en acta que non están de acordo coa aprobación, mediante resolución, da proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación coa contratación da obra *Saneamento de Broullón* polos motivos que expuxeron na anterior Xunta de Goberno.

9.- VADOS

No mes de agosto de 2009, D.^a MARÍA ÁNGELES PRETEL CRUZ presenta instancia na que solicita un vado permanente en Riazón – Quintela, 19 A, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 58,76 euros (43,76 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local do 2 de setembro de 2009, onde se indica que o portal ten un ancho de 3,5 metros,

Visto o informe do inspector de obras do día 4 de setembro de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D.^a MARÍA ÁNGELES PRETEL CRUZ, cunha entrada de 3,50 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 58,76 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

10.- MOBILIDADE

A Asociación de Veciños A Bouza Quintela, por escrito do 24 de setembro de 2009, expón que debido á pouca visibilidade que teñen na saída do camiño dos Quinteiros,

solicitan que se proceda á colocación dun espello para mellorar a visibilidade como tamén pintar o bordillo das beirarrúas para garantir a visibilidade, xa que os coches que aparcan non deixan ver.

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local do 1 de outubro de 2009, que indica que en relación á solicitude da colocación dun espello convexo na intersección do camiño de Quinteiros coa estrada PO-313, á altura do seu p.k. 16'150, para permitir a visión dos vehículos que se acheguen por dita estrada en dirección ao Con, por parte desta Policía infórmase de que non hai inconveniente en proceder á súa colocación. En canto ao pintado dos bordes da beirarrúa, indican que non se fai necesario unha vez que o espello facilita a visibilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello convexo no lugar indicado no informe do xefe da Policía Local.

11.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L.	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170 – 1º D, Moaña	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia
PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L.	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170 – 3º A, Moaña	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 14:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.